

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 23 de xuño de 2014.

HORA DE COMEZO: 14:00 h.

HORA DE REMATE: 14:40 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 28 de maio de 2014.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

**2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E
CADEIRAS**

**2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE
CANGAS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a

continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ALEXANDRE GONZÁLEZ MOLDES (RESTAURANTE "TÍA BRÍGIDA"), en representación de "TÍA BRÍGIDA, S.L.", con NIF nº B-36.469.310, con enderezo en Rúa do Arco, nº 10-Cangas, para a ocupación de 32,00 m²., con mesas e cadeiras, durante a tempada de verán, no referido lugar. Denégase a solicitude para ocupación de vía pública coa instalación de toldo e de barrís, porque obstaculiza o paso de peóns na zona.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a DEL CARMEN MOREIRA ALONSO (BAR "OUTUBRO"), con DNI nº 36.039.065-C, con enderezo en Rúa San José, nº 25-baixo-Cangas, para a ocupación de 3,00 m²., con mesas e cadeiras no referido lugar, desde o mes de xuño ata o mes de setembro do ano que andamos, condicionándose a instalación a unha soa fila á beira da fachada, para deixar paso suficiente para o paso de peóns pola beirarrúa, por non ter ésta 4,50 m. de anchura. Autorízase, así mesmo, a instalación de tres barras de madeira arrimadas á fachada do establecemento, nunha superficie de 19,60 m².

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohibese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2014, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2014.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

2.B) REQUIRIMENTOS A HOSTELEIROS POLA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Visto que o día 21.6.14 emitiu informe a Policía Local referente a ocupación de vía pública en Rúa Nova con maceteiros por parte do establecemento "LA VIE EN ROSE", sen ter obtido a correspondente licenza municipal para iso.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 86.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas: *"O aproveitamento especial dos bens de dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles, estarán suxeitos a autorización (...)"*

Visto así mesmo, que o artigo 77 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais dispón que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Ordear a Farida Abdeslam, como titular do establecemento "La Vie en Rose", que proceda á retirada inmediata dos maceteiros que ten instalados en Rúa Nova, enfronte do referido local, tendo en conta que, en caso contrario, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a costa da obrigada.

SEGUNDO.- Incoar expediente sancionador de infracción administrativa en materia de patrimonio municipal, pola ocupación non autorizada do dominio municipal, sen contar coa preceptiva autorización municipal, feitos dos que se presume responsable, a Farida Abdeslam, con DNI nº X-5.248.591-Z, con

endereço en Rúa Enseñanza, nº 60-4º-Darbo, como titular de la cafetería "La Vie en Rose".

TERCEIRO.- Que os feitos referenciados poden ser considerados como constitutivos de infracción administrativa en materia de patrimonio das administracións públicas, de conformidade co artigo 192.2.d) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas tipifica como infracción grave.

CUARTO.- Nomear como instrutor do procedemento sancionador a Bernardino Faro Lagoa, concelleiro de Iluminación, Abastecemento, Saneamento, Vías e Limpeza viaria, así como, comunicarlle o seu nomeamento, dándolle traslado de toda a documentación que obra no expediente.

QUINTO.- Notificar esta resolución á inculpada, outorgándolle un prazo de quince días para que presente alegacións e, no seu caso, para a práctica das probas, as cales poderán ser propostas polo presunto responsable, en caso contrario, a iniciación do procedemento poderá ser considerada proposta de resolución.

2.C) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA SOBRE A MESA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo a seguinte solicitude de ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras:

1.- SOLICITUDE DE SONIA PÉREZ DIÉGUEZ (BAR "LA MEDIEVAL"), con DNI nº 39.457.473-F, con endereço en Rúa Real, nº 58-baixo-Cangas, para a ocupación de 16,00 m2., con mesas e cadeiras a instalar no referido lugar na zona verde ó lado dos xulgados.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) **LICENZA DE OBRAS MAIORES.-** Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura

Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.902.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.779.- A "ANCORADOURO, S.L.", con enderezo en Rúa Aragón, n° 2-baixo-Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas son 143,52 m2., de semisoto e outros tantos de planta baixa.

EXPEDIENTE N° 24.968.- A Rafael Iglesias Amoedo, con enderezo en Chabarro, n° 24-Vigo, para en Vilanova, n° 15-O Hío, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 11, ampliar a vivenda en 53,25 m2., de primeiro andar, de conformidade co proxecto básico de abril de 2014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

3.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 19.360.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ MARTÍNEZ E MARÍA DEL CARMEN SOTELO NERGA

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, o día 11 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Juan José Fernández Martínez e María del Carmen Sotelo Nerga, con enderezo en Estrada á Praia de Mendiña, n° 4-A-Aldan, para vivenda sita en no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal n° 18.984.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 21.940.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARÍA ROSA CERDEIRA TORRES

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, o día 9 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a María Rosa Cerdeira Torres, con enderezo en Rúa Alcalde Portanet, nº 28-6°C-Vigo, para vivenda sita en Pinténs-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal N° 21.221.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 22.437.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR TELMO DÍAZ PIÑEIRO E MARÍA JOSÉ VILLAVERDE BLANCO

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 26 de maio de 2014, acordou: a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Telmo Díaz Piñeiro e María José Villaverde Blanco, con enderezo en Santa Marta, nº 22-Darbo, para vivenda, sita en Paraíso-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 21.927.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 23.154.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR IGNACIO GONZÁLEZ HERNÁNDEZ E ELENA GUTIÉRREZ MÉNDEZ

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o Informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 12 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Ignacio González Méndez e Elena Gutiérrez Méndez, con enderezo en Rúa Oporto, nº 11-1°D-Vigo, para vivenda sita en Menduíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal N° 22.418.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 24.851.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JAIME VALLADARES RODRIGUEZ E RAQUEL BARREIRO FANDIÑO

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 12 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Jaime Valladares Rodríguez e Raquel Barreiro Fandiño, con enderezo en Rúa Real, nº 62-3°C-Cangas, para vivenda sita en Trigás-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal N° 22.252.

3.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 24.844.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.826.-A "GAS GALICIA, S.D.G.", con enderezo en Rúa Lisboa-Área Central-local 31 H,I,J-Santiago de Compostela, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán ao novo trazado, segundo a documentación presentada con data 11 de xuño de 2014.

EXPEDIENTE N° 25.044.- A José Manuel Fernández Franco, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 36-3°B-Chantada-Lugo, para no Igrexario-O Hío, acondicionar interiormente o soto para cuarto de instalacións, en 47,05 m²., de conformidade co proxecto de marzo de 2014.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.687.- A Beatriz Barreiro Costa, con enderezo en Ourelo, n° 18-Darbo, para no referido lugar reformar a cuberta en 97,50 m²., de conformidade co proxecto visado o 10 de xullo de 2013 e autorización da Deputación Provincial en escrito do día 27 de febreiro de 2014. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE N° 24.991.- María Vidal Giráldez, cambio cubrición de vivenda na Avda. de Vigo, n° 154-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.001.- Enrique García Gestido, reforma cuberta en Trigás, n° 36-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.003.- "AMBAR JUAN E JOSE, S.L.", reforma interior na Avda. Méndez Núñez, n° 34-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.017.- "GAS GALICIA, S.D.G.", para canalización gas en Rúa San José, n° 82-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.018.- Josefa Malvido Malvido, reforma cuberta en Romarigo, n° 21-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.027.- Moisés Barcia Rodríguez, impermeabilización de terraza na Retirosa, n° 87-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.030.- Claudina Nores Soliño, cambio material cubrición en Aldea de Arriba, n° 33-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.031.- José Carlos Chapela Nogueira, cambio material cubrición en Lontreira, n° 2-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.033.- Dolores Mariño Chapela, reparación cerramento en San Pedro, n°15-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.038.- Sheila García Vilas, reformas na Avda. Castelao, n° 3-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.039.- Delmiro Martínez Gómez, cambio material de cubrición e pintado fachada en Santa Marta, n° 6-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.051.- "GAS GALICIA, S.D.G.", para canalización gas en Rúa Ferrol, n° 7-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.054.- Alicia Iglesias Ríos, reparación interior local en Eirado do Señal, n° 1-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.730.- "AMBAR JUAN E JOSE, S.L.", restaurante-bar na Avda. Méndez Núñez, n° 34-Cangas.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 20.6.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Alta de A. Piñeiro Herbello, con expediente n° 36008/01/002757, no servizo de fin de semana (sábados e domingos)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA) E EDUCACIÓN

PRIMARIA DO CEIP DE CANGAS, CEIP DO HÍO, CEIP DE ESPÍNEIRA E CEIP DA RÚA, PARA O CURSO 2014/2015

Vista a proposta do día 19.6.14 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/as de educación infantil (2ª etapa) e educación primaria do CEIP de Cangas, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira e CEIP da Rúa, para o curso 2014/2015, que é como segue:

"Poposta para aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria do CEIP CANGAS, CEIP do HÍO, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa do Concello de Cangas, curso 2014/2015.

José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo Concello de Cangas.

Propón a Xunta de Goberno Local a aprobación das seguintes:

** Bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria do CEIP CANGAS, CEIP O HÍO, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa do Concello de Cangas, curso 2014/2015.*

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria regular o sistema de concesión de becas de comedor, nos centros escolares que dispoñan deste servizo de catering para o curso 2014–2015, dirixidas a menores escolarizados na segunda etapa de educación infantil e educación primaria, nos CEIP de Espiñeira, o Hío, Nazaret e A Rúa.

As axudas de comedor van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

SEGUNDA.- FINALIDADE

A fin última destas subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores dos menores, apoiando as unidades familiares que por escasez de recursos económicos non poden afrontar o custo do comedor escolar dos menores.

TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas municipais de comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados,

comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e reintegralo ao concello no caso de ter percibida outra axuda.

CUARTA.- SOLICITANTES/BENEFICIARIOS/AS

A presente convocatoria establece como solicitante aos/ás pais/nais ou titor/a legal dos alumnos/as matriculados para o curso 2014/2015 nos CEIP do Hío, A Espiñeira, Nazaret e A Rúa, nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa): de 3 a 5 anos.*
- Educación Primaria: de 6 a 12 anos.*

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concorrencia competitiva.

QUINTA.- REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

- 1. A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no concello de Cangas.*
- 2. Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- 3. Estar matriculado/a para, a segunda etapa de educación infantil ou educación primaria, no curso escolar de 2014/2015, no CEIP do Hío, A Espiñeira, Nazaret, ou A Rúa, no termo municipal de Cangas.*
- 4. Débese contar con praza no comedor, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*
- 5. Que os ingresos económicos da unidade familiar non supere os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2013: (150% IPREM + 15% por novo membro).*

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
<i>Familia de 2 membros</i>	<i>9.585,12 €</i>	<i>798,76 €/mes</i>
<i>Familia de 3 membros</i>	<i>11.022,84 €</i>	<i>918,57 €/mes</i>
<i>Familia de 4 membros</i>	<i>12.460,56 €</i>	<i>1.038,38 €/mes</i>
<i>Familia de 5 membros</i>	<i>13.898,28 €</i>	<i>1.158,19 €/mes</i>
<i>Familia de 6 membros</i>	<i>19.599,41 €</i>	<i>1.278,00 €/mes</i>

Para os efectos destas axudas entendese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor así como os

seus fillos/as solteiros/as menores de vinteseis anos que convivisen no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia para estes efectos.

Nos casos de garda e custodia compartida dos/as menores para os que se solicita beca, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómica, as solicitudes que cumpran os requisitos, se valorarán segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, nº de fillos/as en idade escolar e problemática social. Puntuándose cada unha delas segundo baremo que figura na base oitava das presentes bases. A puntuación individual acadada de cada unha das solicitudes priorizará a orde de concesión, dentro da capacidade orzamentaria consignada para tal concepto.

Poderá valorarse a situación económica do ano 2014 da unidade familiar, sempre que se demostre que o nivel de renda da economía doméstica sufriu un forte decremento e que neste intre se cumpren os requisitos establecidos.

SEXTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas a conceder mediante a presente convocatoria será de:

- Bonificación do 100% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior a contía da RISGA [o 75% do IPREM (399,38 €); 14% do IPREM mensual adicional polo 2º membro (74,55 €); 12% adicional polo 3º (63,90 €); 10% adicional polo 4º e sucesivos (53,25 €).*

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
<i>Familia de 2 membros</i>	<i>5.687,16 €</i>	<i>473,93 €/mes</i>
<i>Familia de 3 membros</i>	<i>6.453,96 €</i>	<i>537,83 €/mes</i>
<i>Familia de 4 membros</i>	<i>7.092,96 €</i>	<i>591,08 €/mes</i>
<i>Familia de 5 membros</i>	<i>7.731,96 €</i>	<i>644,33 €/mes</i>
<i>Familia de 6 membros</i>	<i>8.370,96 €</i>	<i>697,58 €/mes</i>

- Bonificación do 85% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% da contía da RISGA.*

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
<i>Familia de 2 membros</i>	<i>7.108,92 €</i>	<i>592,41 €/mes</i>
<i>Familia de 3 membros</i>	<i>8.067,48 €</i>	<i>672,29 €/mes</i>
<i>Familia de 4 membros</i>	<i>8.866,20 €</i>	<i>738,85 €/mes</i>
<i>Familia de 5 membros</i>	<i>9.664,92 €</i>	<i>805,41 €/mes</i>
<i>Familia de 6 membros</i>	<i>10.463,76 €</i>	<i>871,98 €/mes</i>

- *Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
<i>Familia de 2 membros</i>	<i>7.987,68 €</i>	<i>665,64 €/mes</i>
<i>Familia de 3 membros</i>	<i>9.185,76€</i>	<i>765,48 €/mes</i>
<i>Familia de 4 membros</i>	<i>10.383,84 €</i>	<i>865,32 €/mes</i>
<i>Familia de 5 membros</i>	<i>11.581,92 €</i>	<i>965,16 €/mes</i>
<i>Familia de 6 membros</i>	<i>12.780,00 €</i>	<i>1.065,00 €/mes</i>

- *Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
<i>Familia de 2 membros</i>	<i>9.585,12 €</i>	<i>798,76 €/mes</i>
<i>Familia de 3 membros</i>	<i>11.022,84 €</i>	<i>918,57 €/mes</i>
<i>Familia de 4 membros</i>	<i>12.460,56 €</i>	<i>1.038,38 €/mes</i>
<i>Familia de 5 membros</i>	<i>13.898,28 €</i>	<i>1.158,19 €/mes</i>

SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As/os solicitantes presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal do Concello de Cangas, segundo o modelo que figura como Anexo I, achegadas da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar as situacións sociofamiliares.

A documentación que deberá achegar as solicitudes será a seguinte:

- 1. Fotocopia do DNI, NIE do/a solicitante en vigor.*

2. *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas data de nacemento.*
3. *Certificado de empadramento e de convivencia familiar, expedido polo concello.*
4. *Certificación de matrícula do colexio, para curso 2014/2015.*
5. *Xustificación da situación económica e laboral de todo o ano 2013, de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
 - 1.- *Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.*
 - 2.- *Certificacións do INEM sobre prestacións de desemprego.*
 - 3.- *Certificacións sobre pensións...*
 - 4.- *Calquera outro documento xustificativo de ingresos.*
5. *Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2013, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda.*
6. *No caso de que na unidade familiar existan persoas en idade laboral (maiores de 16 anos) que non traballen, deberán presentar informes de vida laboral, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.*
7. *No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador, así como, documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*
8. *Fotocopia da certificación do grado de minusvalidez e/ou de dependencia, no caso de que algún membro da familia estea afectado por ela, ou resolución de invalidez.*
9. *Calquera outra documentación que se considere conveniente na instrucción do procedemento de resolución.*

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso. Dita documentación presentarase antes da proposta de resolución, nun prazo máximo de 10 días.

OITAVA.- TRAMITACIÓN E REPARACIÓN DE ERROS

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o

caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, informándoselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición.

As traballadoras sociais de Atención Primaria do Centro Municipal de Benestar Social serán as encargadas de realizar o estudo, avaliación e baremación de cada unha das solicitudes, quedando reflectido nun informe social individualizado.

Una vez feita a valoración de todas as solicitudes, emitirase un informe global comprensivo de todas as solicitudes candidatas ás axudas, que recolla as incidencias avaliadas segundo os seguintes datos:

- 1. N° de orde da solicitude, segundo a puntuación na aplicación do baremo.*
- 2. Nome e apelidos do solicitante de axuda.*
- 3. DNI ou NIE.*
- 4. Nome e apelidos do/a rapaz/a para o que se solicita a axuda.*
- 5. Contía do aluguer da vivenda ou do crédito hipotecario para a adquisición desta.*
- 6. Ingresos netos medios mensuais da unidade familiar.*
- 7. N° membros da unidade de convivencia.*
- 8. N° de membros da unidade de convivencia estudantes.*
- 9. Problemática social.*
- 10. importe da axuda proposta.*
- 11. Puntuación total obtida.*
- 12. Centro docente no que se atopa escolarizado.*

NOVENA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación virán dados polas seguintes variables: ingresos, situación laboral, número de fillos/as en idade escolar, outros/as fillos/as estudantes e a problemática social.

O baremo ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a tenor da maior necesidade estimada. O baremo a aplicar será o seguinte:

1.- AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR:

Para avaliar a situación económica da unidade de convivencia partírase dos ingresos medios mensuais establecidos na presente convocatoria. Fixarase como base de cálculo a contía de 798,76 €.

A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos de contabilidade da puntuación partírase dos ingresos medios mensuais da

unidade familiar (segundo o establecido na base quinta das presentes bases), puntuándose da seguinte forma (Anexo III):

Os ingresos inferiores a base de cálculo, contados a partir dela de forma consecutiva e en sentido decrecente, computaranse por tramos de 6,00 €. A cada tramo daráselle un valor de 2 puntos. A puntuación final, se obterá incrementando ó valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.

Os ingresos superiores a base de cálculo, daráselle unha puntuación de menos 1 punto por cada tramo de 12 € superiores á base de calculo. A puntuación final se obterá restando o valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente o resultado do valor da suma de tódolos tramos a considerar.

2.- AVALIACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA:

A cada membro da unidade de convivencia se lle dará 1 punto positivo. A suma de todos eles será a puntuación total.

3.- AVALIACIÓN POR MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA QUE CURSEN ESTUDOS:

Daráselle un punto positivo a cada un dos membros da unidade de convivencia que estean escolarizados ou cursen estudos no curso 2013/2014, segundo a táboa seguinte:

<i>Nº DE NENOS/AS ESCOLARIZADOS/AS</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1</i>	<i>1 punto</i>
<i>2</i>	<i>5 puntos</i>
<i>3</i>	<i>10 puntos</i>
<i>4</i>	<i>15 puntos</i>
<i>5</i>	<i>20 puntos</i>

4. AVALIACIÓN TÉCNICA DA PROBLEMATICA SOCIAL:

Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas dentro da unidade familiar, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade. Representa unha avaliación adicional feita polas traballadoras sociais dos Servizos Sociais de atención primaria do concello, que non pode sobre pasar os 65 puntos.

O baremo para avaliar as circunstancias concorrentes e/ou simultáneas é o seguinte:

PROBLEMÁTICA SOCIAL	PUNTUACIÓN
----------------------------	-------------------

<i>1.- Familias incluídas no Programa de Intervención Social no ámbito dos Servizos Sociais de Atención Primaria (RAISS, PARRULOS...)</i>	<i>10 puntos</i>
<i>2.- Familias beneficiarias da RISGA</i>	<i>10 puntos</i>
<i>3.- Familias monomarentais/parentais en desemprego</i>	<i>9 puntos</i>
<i>4.- Familias monomarentais/parentais</i>	<i>8 puntos</i>
<i>5.- Familias con ambos proxenitores en situación de desemprego</i>	<i>8 puntos</i>
<i>6.- Menores en acollemento familiar, formalizado pola administración</i>	<i>8 puntos</i>
<i>7.- Menor en situación de desprotección</i>	<i>8 puntos</i>
<i>8.- Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha minusvalía legalmente cualificada ou limitación de saúde que ocasionen situacións de dependencia acreditada de subsistencia da unidade familiar.</i>	<i>5 puntos</i>
<i>9.- Familias cun proxenitor en situación de desemprego.</i>	<i>4 puntos</i>
<i>10.- Familias con ambos proxenitores traballando</i>	<i>4 puntos</i>
<i>Se a situación familiar non se recolle nestas opcións</i>	<i>0 puntos</i>

A puntuación acadada nos apartados 3, 4, 5, 9 e 10 da problemática social non son acumulables.

No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos superen o importe destinado a estas, darase prioridade ás daquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a listaxe de concesión en orde inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar. De producirse unha igualdade entre dous ou máis expedientes, se terá en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E PRAZO DE SOLICITUDE

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do concello, do Centro Municipal de Benestar Social, na paxina web do Concello de Cangas e dándolle difusión aos CEIP de Espiñeira, O Hío, Nazaret e a Rúa.

O prazo de presentación de solicitudes será durante o mes de xullo (do 1 ao 31, ambos inclusive)

DÉCIMO PRIMEIRA: COMISIÓN CUALIFICADORA

A Comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto das solicitudes presentadas, e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas.

A comisión cualificadora estará presidida polo concelleiro delegado de Ensino e composta, ademais, polos seguintes membros:

- Concelleira delegada de Benestar Social.*
- Director do Centro Municipal de Benestar Social*
- Unha traballadora social de Atención Primaria do CMBS, actuando de secretaria.*
- A educadora familiar do concello.*

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

A comisión cualificadora elaborará unha proposta definitiva de resolución, que conterá a relación de todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, resolución das axudas, co estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Reseñárase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total destas non poden superar o crédito consignado.*

- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos:*

- o A solicitude foi presentada fóra de prazo.*
- o Non aportan a documentación requirida.*
- o Non están empadroados.*
- o Supera ingresos.*
- o O centro non conta co servizo de comedor.*
- o O/A alumno/a non está matriculado/a.*

- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación. será comunicada aos interesados.*

A Xunta de Goberno Local, a proposta da comisión de cualificación, acordará a aprobación definitiva das axudas, que será comunicada aos interesados polo Centro Municipal de Benestar Social.

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN

A contía da axuda concedida aboarase a empresa prestadora do servizo, a mes vencido e previa comprobación polo centro municipal de benestarsocial da relación de alumnos/as becados/as e dos días de comedor escolar utilizados.

O Concello de Cangas asumirá o pago das cuotas de comedor dos/as alumnos/as beneficiarios/as destas axudas desde a data da resolución definitiva do expediente.

DÉCIMO CUARTA.- FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

O Concello de Cangas financiará estas axudas con cargo a aplicación orzamentaria, por importe de 10.164,00 € para o ano 2014 e na contía de 21.961,50 € para o ano 2015.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Os/As beneficiarios/as das axudas deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.
- Comunicarlle ó Departamento de Servizos Sociais do Concello as baixas.
- Cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dura."

EXPEDIENTE

SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR CURSO
2014/2015

1.- DATOS DO/A SOLICITANTE (pai, nai, titor ou persoa cos que convive o/a
alumno/a)

NIF Nome e apelidos

 Teléfono

 Enderezo

2.- ALUMNOS/AS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA

APELIDOS E NOME PARENTESCO CENTRO CURSO

3.- USUARIO/A DO SERVIZO DE COMEDOR

 Fixo Os días:

Cangas de de 2014

O/A SOLICITANTE

Asdo.:

Consonte co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán seren incorporados aos ficheiros do Concello de Cangas relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o/a interesado/a con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de

acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no rexistro xeral do concello.

Interesado

*ILMO. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CANGAS
CESIÓN DO DEREITO DE COBRO ANEXO I
A) CEDENTE*

*D/D^a con N.I.F
..... actuando en nome propio e con poder suficiente ó efecto,
transmite os dereitos de cobro correspondentes a Axuda Municipal de Comedor
Escolar do curso 2013/2014, a empresa prestadora do servizo.*

*En Cangas, de de 2014.
Asdo.:*

ANEXO II

*DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE Ó CORRENTE DAS OBRIGAS
TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL*

*D/D^a con N.I.F
..... como solicitante da Axuda Municipal de Comedor Escolar do
curso 2014/2015,
DECLARA, baixo a súa responsabilidade que atópase ó corrente das súas
obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos do artigo 14.1.e) da lei
38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*En Cangas, de de 2014.
Asdo.:*

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- Solicitud, segundo modelo normalizado.*
- Impreso de cesión do dereito de cobro, asinado a favor da empresa prestadora do servizo.*
- Impreso de declaración responsable de atoparse ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.*
- Fotocopia do DNI / NIE do solicitante en vigor*
- Fotocopia do Libro de familia.*
- Certificado de Convivencia.*
- Certificado de empadroamento familiar.*
- Xustificación de ocupación ou desemprego, de tódolos membros – maiores de 16 anos- que conviven no mesmo domicilio:*
 - Fotocopia da última Nómina (Traballadores por conta allea).*
 - Fotocopia da última declaración trimestral presentada (Traballadores por conta propia).*

- *Certificado do INEM actual que acredita a situación de desemprego (data de inscrición) e a percepción ou non de prestacións.*
- *Fotocopia da última declaración da Renda (IRPF-2013) de tódolos maiores de idade.*

No caso de non estar obrigado a declara, presentarán a certificación dos datos existentes na Administración e que expide a Axencia estatal de Administración Tributaria, debendo presentar tamén:

- *Certificado de retencións da/das empresas nas que traballaron no ano 2013.*
- *Certificado de prestacións económicas do INEM, referido o ano 2013 .*
- *Informe da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre a vida laboral, si na unidade familiar existen persoas en idade laboral (maiores de 16 anos) que non traballen ou que non xustifique ingresos fixos durante todo o ano 2013.*
- *No caso de non poder acreditar a súa situación económica cos documentos anteriores, terán que facer unha declaración responsable dos ingresos familiares.*
- *Certificación de matrícula do centro educativo para o curso 2014/2015.*
- *Fotocopia da certificación de Minusvalía, no caso de que algún membro da familia estea afectado por ela.*
- *Os servizos sociais municipais poderán solicitar calquera documentación ou aclaración que consideren necesaria."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/as de educación infantil (2ª etapa) e educación primaria do CEIP de Cangas, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira e CEIP da Rúa, para o curso 2014/2015.

SUBVENCIONES

7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE INT/701/2014, DO 25 DE ABRIL, R.D.L. 2/2014, SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS NOS PRIMEIROS MESES DE 2014 POLAS TORMENTAS DE VENTO E MAR NA FACHADA ATLÁNTICA E A COSTA CANTÁBRICA

Examinada a proposta da Alcaldía do día 20.6.14, referente a solicitude de axuda ao abeiro da Orde INT 701//2014, sobre medidas urxentes para reparar os danos causados nos primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e costa cantábrica, que é como segue:

"SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE INT 701/2014, DO 25 DE ABRIL, R.D.L 2/2014, SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA REPARAR OS DANOS

CAUSADOS NOS PRIMEIROS MESES DE 2014 POLAS TORMENTAS DE VENTO E MAR NA FACHADA ATLÁNTICA E COSTA CANTÁBRICA.

Publicado o Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica e a Orde INT/701/2014, do 25 de abril, pola que se determinan os municipios aos que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto-Lei 2/2014.

Realizada inspección ocular dos desperfectos causados no municipio de Cangas coma consecuencia do temporal do día 3 de xaneiro de 2014, emitiuse o correspondente informe pola arquitecta municipal, de conformidade co cal a reparación dos danos causados a ascende a un total de 352.219,42 euros.

Tendo en conta que un dos obxectivos prioritarios ao que han de facer fronte as corporacións locais é adoptar aquelas medidas que permitan aliviar a falta de liquidez que oprime as arcas municipais, tratando de evitar na medida do posible asumir novas cargas económicas.

Visto que o Concello de Cangas en aplicación do Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedemento necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, viuse obrigado (art. 7) a adoptar un plan de axuste que foi obxecto dunha valoración favorable polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 30/04/2012, mandando á contención do gasto en xeral.

Visto, así mesmo que, o día 20 de maio de 2013 comunicouse, por parte da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o informe desfavorable do plan de axustes remitido pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo, como consecuencia do cal, o Ministerio retivo o 50% da partida estatal que lle corresponde ao Concello de Cangas, para pagar directamente aos provedores.

Do anterior dedúcese que, polas circunstancias sobrevidas expostas, tanto polos danos causados polo temporal como polo escenario económico actual no que está inmerso o Concello de Cangas, parece prudente, en consonancia cos axustes e medidas de contención do gasto, que o concello no asuma, na medida do posible, novas cargas económicas ás que tal vez non poida facerse fronte, polo que, propono á Xunta de Goberno Local:

** Solicitar unha axuda ao abeiro do Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica e a Orde INT/701/2014, do 25 de abril, pola que se determinan os municipios aos que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto-Lei 2/2014, para a execución dos seguintes proxectos:*

<i>Denominación do proxecto</i>	<i>Importe (€)</i>
<i>CUBERTA DAS NAVES DE OJEA</i>	<i>333.708,61</i>
<i>REPARACION CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS</i>	<i>10.853,71</i>
<i>MELLORA DA SENDA COSTEIRA DE AREAMILLA</i>	<i>7.657,10</i>
<i>Total</i>	<i>352.219,42"</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a referente a solicitude de axuda ao abeiro da Orde INT 701//2014, sobre medidas urxentes para reparar os danos causados nos primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e costa cantábrica.

8º.- ESCRITO DO DIRECTOR DE COMPETIVIDADE DA XUNTA DE GALICIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA A O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA SEMANA SANTA-2014

Examinado o escrito do día 13.6.14 do Director de Competividade da Xunta de Galicia, no que, ao abeiro da Resolución do 28 de abril de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014, propón conceder ao Concello de Cangas unha subvención, para o apoio, promoción e difusión da Semana Santa-2014, por un importe de TRES MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (3.365,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito do Director de Competividade da Xunta de Galicia, no que propón conceder ao Concello de Cangas unha subvención, para o apoio, promoción e difusión da Semana Santa-2014, por un importe de TRES MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (3.365,00 €).

9º.- ESCRITO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NA OFICINA DE TURISMO DE CANGAS

Visto o escrito do día 12.6.14 da directora de Turismo de Galicia da Axencia de Turismo de Galicia, no que, ao abeiro da Resolución do 4 de marzo de 2014, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014, comunica a resolución definitiva de concesión de subvención ao Concello de Cangas por un importe de total de CINCO MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO CON CORENTA E TRES EUROS (5.948,43 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito da directora de Turismo de Galicia e acepta a concesión de subvención ao Concello de Cangas por un importe de total de CINCO MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO CON CORENTA E TRES EUROS (5.948,43 €), para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo de Cangas, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro do ano que andamos.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

10.A) INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinado informe do Departamento de Xestión de Ingresos do día 18.6.14, referente a baixa de sinal de pasaxe permanente en Rúa do Hío, nº 14-Cangas, que di o seguinte:

"DEPARTAMENTO DE XESTION DE INGRESOS (TAXAS)

INFORME DA INSPECCIÓN

ASUNTO: BAIXA DO SINAL DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA DO HÍO, Nº14 (TITULAR : AGUSTIN VILAS OTERO)

Á vista da solicitude de Agustín Vilas Otero, con enderezo en Rúa Fomento, nº 43 (Cangas), na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente en Rúa do Hío, nº14, xa que desapareceu o sinal instalado no lugar indicado.

A Xunta de Goberno Local do día 15 de xullo de 2013, acorda conceder a Agustín Vilas Otero a baixa do sinal de pasaxe permanente en Rúa do Hío, nº 14, pero por tratarse de casco urbano non procede conceder a baixa da entrada de vehículos existente no referido lugar.

Despois de realizar a correspondente inspección no lugar indicado (a pedimento do interesado) INFORMO que non existe entrada de vehículos e que se trata dun baixo dedicado a local comercial (neste momento pechado) que solicitou o sinal de pasaxe permanente para que non aparcasen os vehículos diante da porta de entrada do local.

Tendo en conta PROCEDE a baixa no padrón correspondente a partir do exercicio 2013."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente do Departamento de Xestión de Ingresos, referente a baixa de sinal de pasaxe permanente en Rúa do Hío, nº 14-Cangas.

SEGUNDO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprabe se o interesado está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Xestión de Ingresos e Tesourería.

10.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA DO SUPERMERCADO "FROIZ"

Visto o informe emitido o día 18.6.14 pola Policía Local, referente a sinalización de carga e descarga do supermercado "FROIZ", que di o seguinte:

"Nº REX: 1159/14

ASUNTO: SINALIZACIÓN CARGA E DESCARGA FROIZ

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e A05201 5, por medio do presente, informan:

Que con relación á solicitude de 'Distribuciones Froiz, S.A.', na que indica que contan cunha zona de carga e descarga habilitada en Rúa Reboredo e que debido ao estreito da citada rúa os camións non poden acceder á mencionada zona, polo que solicitan un reservado de espazo na Avda. de Galicia, faise constar:

Que tendo en conta que non pode haber unha zona reservada a carga e descarga en Rúa Reboredo, preto da entrada aos almacéns do supermercado 'Froiz', debido ao estreito da rúa e que na Avda. de Galicia, na zona máis preto á Rúa Reboredo, non existe un espazo destinado para o estacionamento de vehículos senon que a sinalización horizontal indica que tan só existen carrís de circulación. Debería terse en conta a seguinte proposta:

** Deberíase sinalizar con sinalización vertical de prohibido estacionar, agás carga e descarga (con horario limitado) e pintado horizontal de liñas amarelas en zig zag, no espazo habilitado para estacionamentos enfronte da fachada principal do supermercado 'Froiz' (Foto 2). Así mesmo poderíase habilitar outro espazo coa mesma sinalización en Rúa Reboredo confluencia coa Avda. de Galicia (foto 1).*

Estas cargas e descargas sería de acceso xeral (non exclusivo) para vehículos destinados para tal efecto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a sinalización de carga e descarga solicitada polo supermercado "Froiz", sito na Avda. de Marín, nº 26-baixo-Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

10.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA PANCHO EIROA, Nº 2

Visto o informe emitido o día 18.6.14 pola Policía Local, referente a sinalización en Rúa Pancho Eiroa, nº 2-Cangas, que indica o seguinte:

"Nº REX: 1160/14

ASUNTO: SINALIZACIÓN PANCHO EIROA Nº2, AVELINO REFOJOS FANDIÑO

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e A052015, por medio do presente, informan:

Que con relación a solicitude de Avelino Refojos Fandiño na que indica que en Rúa Pancho Eiroa, nº2, a liña amarela pintada sobre o asfalto paralela á beirarrúa está borrada e que a pesares de dita sinalización os vehículos suben a está igualmente provocando o seu afundimento e filtrado de auga da choiva. Ademais indica que as liñas amarelas do seu sinal de pasaxe permanente nº 620 están borradas. Faise constar:

Que é certo que as liñas amarelas están practicamente borradas tanto as do sinal de pasaxe permanente, como a liña continua amarela paralela á pequena beirarrúa existente no lugar.

Que se debería repintar de amarelo, liña lonxitudinal continua, o ancho do pasaxe permanente nº 620, como complemento da sinalización vertical do referido sinal.

Con respecto da beirarrúa, non existe impedimento por parte dos axentes actuantes para que se humanice ou se reconstrúa. Facendo constar que non é preciso mais sinalización amarela, posto que xa está prohibido por lei o estacionamento enriba das beirarrúas, de todos os xeitos poderíase resolver o problema pintando o carril de circulación con liñas de borde brancas, orientando así aos condutores a deixar ese espazo para a circulación de vehículos e non de estacionamento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a sinalización en Rúa Pancho Eiroa, nº 2-Cangas, solicitado por Avelino Refojos Fandiño, con enderezo no referido lugar.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

10.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/CARTEIS INFORMATIVOS NAS VÍAS PÚBLICAS SOBRE BÁCULOS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

Visto o informe emitido o día 13.6.14 pola Policía Local, referente a carteis informativos existentes nas vías públicas sobre báculos de iluminación pública, que di o seguinte:

"Nº REX: 1132/14

ASUNTO: CARTEIS INFORMATIVOS NAS VÍAS PÚBLICAS SOBRE BÁCULOS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e 052027, por medio do presente, informan:

Que vista a solicitude presentada por 'INVESMORRAZO, S.L.', sita na Avenida de Marín, nº 39-Cangas, con C.I.F. B-36405397, ésta ten colocado un sinal indicativo na farola de Méndez Núñez, entrada con Avenida de Marín. A colocación destes elementos de sinalización vai en contra da Ordenanza reguladora de limpeza viaria e ornato público do Concello de Cangas, publicada no BOP do 28 de xaneiro de 2014.

Que por parte dos axentes non hai inconveniente en colocar o sinal nun poste independente na entrada da Avenida de Marín próximo a situación actual."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a carteis informativos existentes nas vías públicas sobre báculos de iluminación pública, solicitado por "INVESMORRAZO, S.L.".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

10.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/CARTEIS INFORMATIVOS NAS VÍAS PÚBLICAS SOBRE BÁCULOS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

Visto o informe emitido o día 13.6.14 pola Policía Local, referente a carteis informativos existentes nas vías públicas sobre báculos de iluminación pública, que di o seguinte:

"Nº REX: 1131/14

ASUNTO: CARTEIS INFORMATIVOS NAS VÍAS PÚBLICAS SOBRE BÁCULOS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e 052027, por medio do presente, informan:

Que vista a solicitude presentada por 'Distribuciones Froiz, S.A.', sito na Avenida de Marín, nº 26 baixo-Cangas, estes teñen un sinal informativo en Rúa Méndez Núñez-entrada na Avenida de Marín, colocada nunha farola de iluminación pública. A colocación destes elementos de sinalización vai en contra da Ordenanza reguladora de limpeza viaria e ornato público do Concello de Cangas, publicada no BOP do 28 de xaneiro de 2014.

Que por parte dos axentes non hai inconveniente en colocar a sinal nun poste independente na entrada da Avenida de Marín próximo á situación actual."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a carteis informativos existentes nas vías públicas sobre báculos de iluminación pública, solicitado por "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A."

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

10.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN PARA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "GARAJES PÓRTICO"

Visto o informe emitido o día 10.6.14 pola Policía Local, referente a sinalización para COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "GARAJES PÓRTICO", que di o seguinte:

"Nº REX: 1114/14

ASUNTO: SANTIAGO ARROYO GARCÍA SOLICITA SINALIZACIÓN PARA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS 'GARAJES PÓRTICO'.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052012 e 052027, por medio do presente, informan:

Que non observan inconveniente en acceder ao solicitado, sinalizando a saída da pista de terra que, procedente da zona da Avenida de Marín sae á rúa San José, regulando con prioridade de paso aos que saen e prohibindo o estacionamento no lado esquerdo en sentido a dita rúa."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a sinalización para COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "GARAJES PÓRTICO".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao administrador de Comunidade de propietarios "GARAJES PÓRTICO", con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1º-Cangas, así como, aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

10.G) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/RECLAMACIÓN DE SINALIZACIÓN E ORDENACIÓN DO TRÁFICO REALIZADA POR MANUEL PASTORIZA CASTRO

Visto o informe emitido o día 9.6.14 pola Policía Local, referente a reclamación de sinalización e ordenación do tráfico solicitada por MANUEL PASTORIZA CASTRO, que di o seguinte:

"Nº REX: 1100/14

ASUNTO: RECLAMACIÓN DE SINALIZACIÓN E ORDENACIÓN DO TRÁFICO FEITA POR MANUEL PASTORIZA CASTRO

Os axentes da Policía Local de Cangas con numero de identificación profesional 052006 e 052023, por medio do presente, que presentdos no lugar das Andías e con relación á solicitude que se ahega, informan que:

O paso de peóns está ao lado da farmacia da Rúa San José, na confluencia da citada rúa ca Avenida de Galicia, estando deteriorado e precisa ser repintado.

O camiño nas Andías foi aberto ao tráfico por persoas descoñecidas e os vehículos circulan (camiño de terra entre a Avenida de Lugo e As Andías), por detrás do Auditorio e se descoñece a titularidade deste."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a solicitude de sinalización e ordenación do tráfico realizada por MANUEL PASTORIZA CASTRO.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a MANUEL PASTORIZA CASTRO, con enderezo en Andías, nº 7-Ximeu-Darbo, así como, aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

11º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

11.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
BEATRIZ SANTOMÉ CHAPELA Camiño de Viñó, nº 45- O Hío	FIANZA	760,00 €	Instalación de quiosco en terreo público (2009)
ANA VILLEGAS PÉREZ Camiño Vello de Rodeira, nº 4-1º-Coiro	FIANZA	800,00 €	Instalación de quiosco en terreo público (2009)
ADRIANO LÓPEZ PARCERO Avda. de Bueu, nº 12- ático B-Cangas	FIANZA	300,00 €	Instalación de quiosco en terreo público (2009)
ADRIANO LÓPEZ PARCERO Avda. de Bueu, nº 12- ático B-Cangas	FIANZA	274,00 €	Instalación de quiosco en terreo público (2012)
CARLA MARTÍNEZ SANTOMÉ Camiño de Viñó, nº 45- O Hío	FIANZA	225,00 €	Instalación de quiosco en terreo privado (2013)
MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ Pinténs, nº 3-O Hío	FIANZA	300,00 €	Instalación de quiosco en terreo privado (2014)

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente